

Os investigadores do mañá

O CITIC recibiu as visitas de alumnado de centros de secundaria



O Centro de Investigación TIC (CITIC) da Universidade da Coruña recibiu durante o mes de xaneiro dúas visitas de centros de educación secundaria. Por unha parte, visitaron o centro 16 alumnos e alumnas da asignatura de TIC de segundo de bacharelato do IES Eusebio da Guarda da Coruña. O responsable da unidade de sistemas do CITIC, Alejandro Mosteiro, explicoulles o funcionamento do Centro de Proceso de Datos (CPD) do centro.



Alumnos do IES Eusebio da Guarda



Visita dos alumnos do IES Eusebio da Guarda ao CPD do CITIC

Por outra parte, os alumnos e alumnas do IES María Casares de Oleiros tamén coñeceron as instalacións do CITIC. O subdirector do centro, Javier Pereira, fixo unha presentación global do mesmo e posteriormente realizáronse dúas exposicións de proxectos colaborativos do CITIC. Os investigadores Paula Fraga, Lucía Ramos e Óscar Blanco presentaron o proxecto Concordance, sobre a prevención de colisións para UAV (vehículos aéreos non tripulados) utilizando técnicas

de *Deep Learning* (aprendizaxe profunda) e sensórica optimizada; e os investigadores Alberto Alvarellos e Ignacio Fraga expuxeron os detalles do proxecto Treboada, no que se utilizan técnicas de predición de precipitacións mediante sensores de baixo custo e aprendizaxe máquina. Finalizou a explicación do proxecto cunha visita á cuberta do CITIC para mostrar aos alumnos o funcionamento *in situ* dos sensores de predición de precipitacións instalados en dita cuberta. ■



As investigadoras Paula Fraga e Lucía Ramos presentando o proxecto Concordance



O subdirector do CITIC presentando o centro aos alumnos do IES María Casares de Oleiros



Investigadores do proxecto Concordance facendo unha demostración de voo de drone



Alberto Alvarellos mostrando aos alumnos o funcionamento dos pluviómetros do proxecto Treboada